

PROPOSTAS E SUXESTIÓNS

1. **Mostrar seguridade e confianza na escola.**
2. **Crear actitudes positivas respecto á escola:** comentar co neno/a as actividades que vai realizar, os xoguetes e materiais que atopará na escola e no patio, así como os compañeiros que terá.
3. **Non facer comentarios negativos sobre as escola:** non ameacen coa escola coma se fose un lugar onde terá que seguir unhas normas máis estrictas que na casa.
4. **Intercambiar co mestre/a toda a información** que facilite un mellor coñecemento dos nenos/as. **Asistan ás reunións e entrevistas.**
5. **Acudir á titora** cando lles xurda calquera dúbida ou inquedaanza sobre o seu fillo/a.
6. **Dar importancia ás actividades cotiás** que o seu fillo/a lles conte.
7. **Fomentar a non violencia**, dende a escola e a casa, temos que educar para resolver conflitos de forma pacífica, sen empregar a violencia.

NORMAS IMPORTANTES

1. **Mandilón VIOLETA**, cos botóns por diante, o nome nun lugar visible, gomas no pulso e cinta para colgalo no percheiro.
2. **Mochila ou bolsa** de merenda pequena e sen rodas
3. **Roupa axeitada:** cómoda, pantalóns sen tirantes nin cinto, mellor con goma, que lles sexa sinxelo baixar e subir para ir ao baño.
4. **Roupa marcada co nome:** abrigo, chaqueta, bolsa merenda, mandilón.
5. **Calzado** con velcro, mellor sen cordóns.
6. **Puntualidade:** tanto nas entradas como nas saídas.
7. **Enfermidades:**
 - a) Enfermo/a non acudirá á escola, por el/ela e polos seus compañeiros/as.
 - b) Con febre non irá á escola
 - c) Programa Alerta Escolar. Se o seu fillo/a ten algunha alerxia, epilepsia ou diabetes, por exemplo, deben comunicalo ao centro antes de comenzo o curso.
8. **Alimentación:**
 - a) Non deberá ir á escola sen almorzar.
 - b) Levará comida san para a merenda.

HÁBITOS

1. **Sono:** o neno/a deberá deitarse cedo e ter un hábito de sono regular.
2. **Autonomía persoal:** deberá ser quen de abotoar e desabotoar a chaqueta ou o mandilón, poñer e quitar a chaqueta, o mandilón ou o abrigo e subir e baixar os pantalóns.
3. **Hixiene:** deberá aprender a: soarse, lavar as mans e a cara e a ir só ao baño e limparse despois. Deberá controlar esfínteres e vir sen cueiro.
4. **Recoller:** afacelo/la a recoller as súas pertenzas, coma os xoguetes despois de utilizalos, e/ou colaborar en tarefas sinxelas na casa.

NOTA IMPORTANTE:

Precisamos ter os seus **números de teléfonos** actualizados para localizalos se houbera algunha urxencia (que se poña mal, que precise que lle cambien a roupa...)

PERÍODO DE ADAPTACIÓN

O LUNS 6 de SETEMBRO, ás 10:00, haberá unha reunión para as familias dos nenos e nenas de 3 anos que chegan por primeira vez á escola.

Informaremos, entre outras cousas, do período de adaptación no que se establecerán horarios distintos ao resto do alumnado do colexio e que terá unha duración de 3 semanas.

Pregamos que á reunión acuda un só membro da familia.

C.E.I.P. PLURILINGÜE CARDEAL QUIROGA PALACIOS

Avda. Villaldía 33-35

15706 Santiago de Compostela

tlf: 981543181

fax: 981520196

correo:

ceip.cardeal.quiroga@edu.xunta.gal

http:

[//www.edu.xunta.es/centros/ceipcardealquiroga](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipcardealquiroga)

C.E.I.P. PLURILINGÜE CARDEAL QUIROGA PALACIOS

CURSO 2021/2022



INFORMACIÓN DE INTERESE PARA AS FAMILIAS